

hoxe Porriño

Febreiro 2010

voceiro do psdeg-psoe municipal

psdeg-oporriño ■ org

TRIUNFA A MOCION DE CENSURA DA DEREITA EN CONTRA DA OPINION POPULAR

¿TODO VALE POLO PODER?



PP e IdeP apoian a Nelson Santos e dimite Ordoñez.

Os plenos pasan a ser cada dous meses e pola maña.

O novo goberno sube un 225% os gastos en soldos

Contido deste número:

Editorial	2
Pleno	6
O Paseo do Louro	3
Plan E 2010	4
Entrevista	5
Centro de Saude	6
Pontellas	7
Iniciativas	7
O Paso a Nivel	8



IVÁN VAQUEIRO: “Unha mocion de censura non resolve a paralise do Concello, senon o voto dos veciños”

“Queremos ser dende xa a alternativa a este goberno”

Pax. 6



O PSOE do Porriño consegue financiación do Estado para o novo paseo do Louro

Os Orzamentos do Estado para o 2010 incluíron unha partida para a reforma do Paseo do Río Louro, que se executará este ano, grazas a iniciativa do Grupo Municipal Socialistas do Porriño. As obras inclúiran a mellora das marxes do

rio, un paso elevado para poder cruzar a Torneiros e un paseo a beira do río para poder disfrutar do entorno. A enmenda incluída polo deputado Luis Piña, realizouse a proposta do PSOE do Porriño.

Pax. 1

NACE O PSOE PORRIÑO 2.0: AVANCES DIXITAIS

>> O PSOE do Porriño entra nas redes sociais



EDITORIAL

“¿Qué pensarán os votantes do PP de ceder a alcaldía, os de IdeP de apoiar os seus tráfugas e os de CxP de pasarse o PP? Nelson Santos ten o record. En 5 anos 3 partidos distintos. Toca recuperar a ilusión. A ilusión de 2011”

A mocion de censura: ¿un goberno ou unha sopa de letras?

O pleno da mocion de censura celebrado o pasado día 1 de Febreiro que supuxo a chegada de Nelson Santos a alcaldía pode resumirse nunha soa frase: o medo do PP as eleccións de 2011. Un medo atávico a perder a maioría social que co novo escenario queda numericamente con 9 concelleiros o servizo do PP e 8 concelleiros na oposición que aspira a liderar o PSdeG-PSOE.

¿Pero temos un goberno ou unha sopa de letras? Este goberno nace sen ideas, tan so se exemplificou no pleno a toma do poder. Os discursos dos concelleiros que apoiaron a mocion vacios.



Unha pantomima para xustificar a toma do poder sen importar o dano que lle fan a Porriño. Nin proxectos, nin ideas, tan so o poder polo poder. E comezan coas formas máis antidemocráticas posibles: os plenos cada dous meses en vez de cada mes, e as 12 da mañá, tratando de asfixiar a oposición.

O que esta claro, visto o que aconteceu na dereita dende o 2003, PP, CxP e IdeP non comparten mais que rencillas e odios persoais. Un goberno que nace dividido, sen proxectos e sen rumbo. O poder polo poder.

¿Qué pensarán os votantes do PP de ceder ante Santos. Que pensarán os que votaron IdeP renegando dos seus tráfugas? ¿Qué pensarán os votantes de CxP de pasarse o PP. Nelson Santos xa ten un record. En 5 anos, tres partidos. Toca recuperar a ilusión, porque o 2011 será a oportunidade do PSOE.



O novo goberno sube un 225% o gasto en soldos e gastara 239.000 euros o ano en adicacions exclusivas e parciais.

O novo goberno local aumentará nun 225% os gastos destinados a soldos dos concelleiros e concelleiras que integran o goberno local.

Así o explicou o secretario de Economía da Comisión Executiva Local do PSdeG-PSOE do Porriño, Carlos Díaz, logo dun estudio comparativo realizado polo partido socialista.

Así, fronte os 104.000 euros que se gastaban en soldos na legislatura 2003-2007, ou os 98.000 euros que se destinaban a ese fin dende o ano 2008, o novo goberno tomou a decisión de aumentar un 225% a cantidade prevista para tal fin no pleno da corporación de 11 de Febreiro de este ano. Unha decisión que para os socialistas, rompe

coa falsa imaxe de austeridade que pretende dar o goberno de Nelson Santos, que segundo algun dos seus concelleiros, podería subir no novo orzamento do 2010 para equiparalos os soldos que cobraban na súa empresa privada, o cal aumentará inda máis o gasto. En total, existirán 5 adicacions exclusivas e 3 parciais no goberno.



A Xunta do PP recorta nun 75% a inversión no Porriño para o 2010.

A nova Xunta de Galicia parece non ter interese no Concello do Porriño. O recorte de case o 75% da inversión que os Orzamentos do 2009 realizados polo bipartito comprometeran para este ano, confirmouse ó aprobarse recentemente no Parlamento as contas para o ano 2010, segundo informou o PSOE

Tan só a obra de reforma do

CEIP Antonio Palacios de Torneiros, aprobada polos socialistas no 2009, así como a obra comprometida para a conexión da rede de abastecemento de auga Porriño-Salceda se manteñen para o 2010. O novo ornamento da Xunta, recortan desta maneira, case un 75% o investimento realizado no 2009 polo anterior goberno da Xunta.

O GRUPO SOCIALISTA LOGRA INCLUIR UNHA ENMENDA NOS ORZAMENTOS DO ESTADO PARA O PORRIÑO

O Goberno Zapatero aproba financiar o novo Paseo do Louro a petición do grupo socialista do Porriño



Os concelleiros do PSdeG-PSOE do Porriño, co Deputado Luis Piña visitaron o río Louro

O Grupo Socialista do Porriño anunciou que o goberno de España ven de aprobar a enmenda socialista presentada polo deputado Luis Piña para financiar as obras do Paseo do Río Louro, comprometidas nos Orzamentos do Estado para o 2010, nunha primeira fase, en colaboración coa Confederación Hidro-

gráfica do Norte.

As obras, que comezarán no ano 2010, terán como obxectivo recuperar un espazo natural de moita importancia, tal e como indicou o Presidente da Confederación, Francisco Liñares, nunha recente visita realizada co grupo socialista e co Deputado Luis Piña, na que afirmou

que: “a posta en marcha da Depuradora de Gillarey, ten que levar aparelhada medidas de mellora do entorno Louro, para poñelo ó servizo dos Porriñeses e Porriñesas”.

O Deputado Luis Piña confirmou que os orzamentos do Ministerio contemplan esta partida que se executara este ano 2010.

PONTES DE MADEIRA PERMITIRAN OS VECIÑOS DE TORNEIROS CRUZAR O RÍO

Pola súa parte, o Voceiro Local do PSOE, Iván Vaqueiro, valorou moi positivamente a obra, e afirmou que “a Reforma do Paseo do Louro non so mellorara o entorno, seno que as pontes de madeira que se construírán no río, permitirán ós veciños de Torneiros, poder atravesar o río cara a rúa Xogo da Ola, ademais de mellorar o paseo.

A entrada en funcionamento da EDAR de Guillarei, que tivo lugar neste mes de Febreiro, xunto con esta iniciativa do Ministerio de Medio Ambiente, permitira os porriñeses disfrutar dun ambiente máis salubre e disfrutar do río.

Pensamos que esta obra ten unha grande importancia para os veciños de Torneiros e do Porriño e agardamos que se realice canto antes.”



PP e a Entidade Local pechan o Colexio de Chenlo e o PSOE esixe que se reabra.


O Pleno da Corporación do Porriño aprobou en 2009 por unanimidade a moción socialista para evitar o peche do Colexio de Chenlo, que a Xunta xustificaba alegando o recorte de gastos e á baixada da matrícula de alumnos. A pesar da moción, a nova Xunta decidiu pechar no curso 2009-2010 este centro.

O PSOE esixiu por medio do seu secretario de Política Territorial, Santiago Gonzalez, que o peche non sexa definitivo, visto o au-

mento do censo de nenos e nenas de Chenlo e esixiu ó PP do Porriño e o Presidente da Entidade Local de Chenlo que eviten o peche da Escola de Chenlo.

“Queremos unha educación de calidade e cercana ós veciños e veciñas. Non podemos compartir a maxinación que o PP quere facer cos veciños de Chenlo, ou que o Presidente da Entidade de Chenlo diga que “así, aumentamos os alumnos do colexio de Mosende.”

Triunfa a mocion de censura de PP, CxP e IdeP cos porriñeses en contra



A mocion de censura prsentouna unha notaria polo medo do PP a reaccion popular (foto xornal A Peneira)

Triunfou a maioría numerica de PP, CxP e IdeP no pleno da mocion de censura. Logo de 3 anos de divisions e lirotas entre os tres partidos, a menos de ano e medio para as eleccions municipais, Santos, Carrera e Gonzalo Ordoñez uniron as suas forzas para desbancar o goberno local.

Un acordo acadado *in extremis* o pasado 20 de Xaneiro que propiciou o acordo que permitia o pasado dia 1 de Febreiro, que se materializase o cambio de goberno.

Os partidos da dereita non tiñeron a valentia de presentar a mocion de censura por rexistro e optaron por presentar a mocion mediante unha notaria, nun acto que non ten antecedentes en Galicia.

As consecuencias inmediatas da mocion faran que Nelson Santos cambie por terceira vez de partido. No 2003 presentouse por Independentes do Porriño, formación que abandonou tras escindir-se en 2006 e montar Cidadans polo Porriño, formación que agora abandona para pasarse o PP

Por outra parte, o PP confirma que prescinde de Manuel Carrera, que con 4 concelleiros foi obrigado por Rafael Louzan a apoiar a Santos.

Pero quizais o mais significativo desta mocion, e que supón a demision de Gonzalo Ordoñez que deixa a politica local sen que se coñeza a dia de hoxe a razon.

O pleno non serviu para entender as razons dunha mocion que so se basa na maioría numerica dos partidos que a apoiaron. Nos discursos de PP, IdeP e do propio Santos, non puidermos ver propostas nin proxectos, so a vontade de poder a toda costa.

O PSOE tivo a intervencion mais aplaudida mentres o seu lider, Ivan Vaqueiro anunciou que o PSOE e dende xa a alternativa o goberno de Santos.

Vaqueiro recriminou a Nelson unha mocion que chega "no tempo de desconto", e que carece de argumentos de peso. "Esta mocion so e a constatacion do medo do PP a perder Porriño en 2011."

O Porriño invertira 1,8 millóns de euros do Estado para con cargo o Plan E 2010

Durante o ano 2009, O Porriño recibiu do goberno Central 2,9 millóns de euros con cargo o Plan E, que destinou a diversas obras que levaban paradas por falta de financiación.

Novamente o goberno de Zapatero, aprobou o Plan E II, dotado con 5.000 millóns de euros dos que a Porriño lle tocan 1,8 millóns. O PSOE do Porriño, reuniuse con varios colectivos das parroquias e do casco urbán para poder recoller as súas inqedanzas.

O PSOE lamentou a actitude do partido de Nelson Santos, que tildou de "electoralista" que non aportou ningunha proposta. Segundo o partido de Ciudadanos por Porriño "non fai falla falar cos colectivos sociais para decidir as obras do Plan E".

Os socialistas que tacharon de incompreensible o desprezo que CxP amosou cos colectivos sociais, afirman que vixiaran a execucion destas obras que consideran moi positivas para os veciños de O Porriño e das suas parroquias.



OBRAS A REALIZAR NO PORRIÑO CO PLAN E 2010

- 1-Saneamento do poligono industrial das gandaras: 266.641€
- 2-Saneamento rio Couso Cans: 219.739€
- 3- Saneamento rio Tinto Budiño: 338.797€
- 4- Saneamento en Vilafria, Outerio e Castro-Atios:229.403€
- 5- Seguridade vial nas estradas N120 e N550: 58785€
- 6- Mellora da eficiencia enerxetica Antonio Palacios. Sequeiras: 221.517€
- 7-Saneamento no rio Penedo. Mosende e Chenlo: 178.914€
- 8-Saneamento do rio da Lameira en Pontellas: 205.829€
- 9-Acondicionamento das pistas deportivas Torneiros: 67.800€

O CEIP ANTONIO PALACIOS PODERIA ABRIR ESTE ANO

O NOVO COLEXIO ANTONIO PALACIOS SERA PRONTO UNHA REALIDADE

Avanzan a bo ritmo os traballos para a construcion do novo colexio Antonio Palacios de Torneiros, unha obra conseguida polo PSOE do anterior goberno da Xunta, que permitira substituir o colexio actual, contruido nos anos 70, por un novo colexio, mais moderno e mellor equipado.

Segundo afirmou Ivan Vaqueiro, Secretario Xeral do PSdeG-PSOE do Porriño, "os socialistas do Porriño estamos contentos de ter contribuido a mellorar a calidade educativa do noso pobo. Agora os nenos de Torneiros teran unhas instalacions a sua altura, algo que os vecilos merecian dende fai anos".



IVÁN VAQUEIRO - Sº XERAL DO PSdeG-PSOE DO PORRIÑO

“Aspiramos a Alcaldía en 2011 dende a coherencia, o dialogo e a honestidade”

GOBERNO LOCAL: “*Preocupame que o novo goberno non teña proxectos e so se limite a botar foguetes*”

agora seran cada dous meses as 12 da maña.

P. Pero e certo que tiñamos un goberno minoritario...

R. Sen dubida, foi unha pena que Raul Frances non quixese revalidar o pacto de goberno co PSOE como llo propuxemos en 2007, ou co PSOE e con IdeP, como llo propuxemos en 2008. Estaba claro que isto podía pasar, e pasou. Eu, dende a loxica diferenza política que existe entre PSOE e BNG, desexolle o mellor o BNG, agradezo o as cousas que fixeron ben e que aprendan dos erros que cometeron, que hubo moitos, entre eles, romper o pacto que existiu en 2003 e que nos achegaba a maioría absoluta. A primeira prioridade dun alcalde

PASO A NIVEL: “*Melloremos o trazado, innovemos, pero sobre algo real. E o real e a proposta de FOMENTO. Non critiquemos sen propostas*”

debe ser facer un goberno forte, e este, non o era porque pudiendo ter 8 concelleiros co PSOE e dez con PSOE e IdeP, pero preferiu aillarse.

P. ¿Cómo se atopa a eliminación do paso a nivel?

R. No 2007 puxemos enriba da mesa unha solución factible para eliminación do

paso a nivel. Desgraciadamente, PP, BNG e CxP opuxéronse e pediron a paralización do proxecto do Ministerio de Fomento. O desgraciado accidente dos últimos días parece que fixo ós partidos reflexionar sobre a urxencia de eliminar o paso a nivel e vexo moi positivo que se pida agora dialogo como nós pedimos nos seu momento. O PSOE xa se puxo en contacto con Fomento para pedir informes sobre o estado do proxecto. Pero seguimos crendo que o básico, e que exista un consenso sobre o trazado de base. Todo e mellorable, pero tratar de paralizar como fan alguns o proxecto sen poñer alternativas me parece irresponsable. Mellóremos, innovemos, pero sobre algo real. E o real e proposta de Fomento.

PSOE: “*Somos dende xa, a alternativa a este goberno porque chegou a hora de poñer a Porriño onde se merece*”

P. ¿Cales son os obxectivos para o 2011?

R. Estamos convencidos que de no 2011, teremos que dar o mellor de nos para ilusionar os porriñeses co proxecto socialistas porque queremos ser a alternativa dialogante que goberne Porriño en 2011.

Amosamos que o PSOE foi a forza que mais traballou a prol dos porriñeses nestes anos, e que amosou unha clara coherencia nos seus postulados. Por iso afrontamos o futuro con ilusión.

Imos traballar a reo para que no 2011, O Porriño teña un Alcalde Socialista.

“ A mocion de censura amosa o medo do PP a perder en 2011. Temos un goberno mais preocupado dos soldos ou dos chimpins que dos porriñeses ”

P. ¿A mocion de censura, cambia as suas perspectivas?

R. O PSOE fixo nestes anos unha labor dende a oposición de defender os intereses dos veciños e estamos contentos co realizado ata o de agora, pero temos como obxectivo demostrar que se pode gobernar de outro xeito o noso Concello. A mocion, para nos e un revulsivo porque a vemos en clave de oportunidade cara as proximas eleccións. Os porriñeses non queren gobernos divididos, e este o esta dende que naceu. So fai falla ler os periodicos.

MOCION: “*Unha mocion de censura non soluciona a paralise do concello. Veremos que opinan os votantes de PP, Cxp e IdeP*”

P. ¿Por qué a mocion de censura agora?

R. O PP ten un medo atroz a perder en 2011. Unha mocion de censura a estas alturas non vai solucionar os

SOLDOS: “*¿Nelson Santos fala de austeridade e o primeiro que se pide e subirse os soldos? ¡ E alucinante !*”

problemas e a paralise do Concello. E dende logo, o que si xenerou foi un grado importante de “cabreo” entre os votantes do PP e de IdeP. Veremos o que opinan en 2011 tamen os que votaron a CxP e ven que agora se pasan o PP.

P.¿Qué opinas do novo goberno?

R. Un reparto de carteiras non significa ter un goberno. A día de hoxe, inda non escoitei cal e o programa de goberno, que se vai facer, e iso me preocupa. O que si che pode decir e que imos estar moi vixilantes coa súa xeston. Por certo que ninguen entende que Nelson Santos fale de recortar gastos e o primeiro que van facer sexa subirse os soldos. ¡E alucinante...! A unica austeridade que veremos sera a democratica, visto o recorte dos plenos, que

O GOBERNO DE NUÑEZ FEIJOO PARALIZA A REFORMA DO CENTRO DE SAUDE APROBADA POLO BIPARTITO

Josefa Sío esixe ó PP que non paralice a Reforma do Centro de Saude



A concelleira socialista e coordinadora de política sectorial do Josefa Sío afirmou que o PSOE esta moi preocupado pola falta de concreción da nova Xunta de Galicia do PP na aposta pola reforma do

Centro de Saude de Porriño, aprobada polo anterior goberno, que incluía a ampliación da area de pediatria e das dependencias do centro, mellorando a súa calidade asistencial.

Levamos un ano de xestión do señor Nuñez Feijoo e as obras de reforma do Centro de Saude, aprobadas polo anterior goberno, se atopan totalmente paralizadas.

Josefa Sío cargou contra a pasividade do PP local que non "abriu a boca" para esixir o seu partido que inicie dende xa as obras e afirmou que o seu grupo pedira o novo goberno axilidade para esixir o inicio da reforma, e anunciou unha pregunta parlamentaria para coñecer o estado de tramitación da reforma do centro de saude do Porriño.

"Os porriñeses non teñen por que sufrir a paralise do PP. Nos deixamos os deberes feitos e o PP paralizou a saude dos porriñeses"

Un goberno onde os homes cobran o 100% e as mulleres o 50%

Josefa Sío considerou como inadmisíbel o feito de que se lle de una adicación exclusiva a concellería de festexos, cando a Igualdade ou Educaíón se lle da una, parcial", e lembrou o goberno que "agora, o primeiro son os problemas sociais. ¿Por que todas as mulleres do novo goberno tres teñen media dedicación, e a area de Igualdade, que esta a xestionar na practica as areas de Igualdade e Benestar Social, non teña as competencias delegadas en Benestar Social, para poder tomar decisions? Pedimos igualdade real."

CRONICA PLENARIA: O GOBERNO LOCAL CAMBIA O HORARIO DOS PLENOS, AGORA, CADA DOUS MESES

O PSOE pide respecto democratico para a Corporacion



Fernando Rodríguez esixiu o novo goberno respecto democratico a coporacion e criticou o talante antidemocratico do goberno.

O Vicesecretario Xeral do PSdeG-PSOE e concelleiro socialista realizou unha dura valoración do acontecido no primeiro pleno do novo goberno local, que touldou de "retroceso democratico".

Rodríguez afirmou que a decision do novo goberno de cambiar o horario dos plenos e colocalo as 12 da maña, so busca impedir a participación cidadada, e tratar de asfixiar os grupos da corporacion, algo que, afirmou o socialista, "non van conseguir".

O Pleno do pasado xoves 11 foi en palabras do concelleiro, "unha escenificación dun estilo de gobernar inedito no porriño, polos insultos do goberno a oposición, con actitudes revan-

chistas, despoticas e faltas de talante democratico"

O PSOE realizou varias chamadas a serenidade e responsabilidade do goberno que foron totalmente ignoradas, o que segundo Fernando Rodríguez, se lle suma a non neutralidade do alcalde, que nin siquera foi quen de dirixir o pleno e facerse respetar e defender os concelleiros da oposición que foron victimas dos insultos do novo equipo de goberno.

Rodríguez afirmou como conclusión, que agarda que o novo equipo de goberno recapacite e recoñeza os seus erros, porque Porriño non pode ter un alcalde que se negue a falar e consensuar coa oposición.

O ESTADO DAS INSTALACIÓNS PREOCUPA ÓS VECIÑOS

O parque do Centro Social do Mosteiro se atopa totalmente abandonado




O membro da executiva local socialista, Luis Fernandez Costas, denunciou o estado de abandono do parque e as pistas deportivas

do Centro Social do barrio de Mosteiro, na parroquia de Budiño. Tanto as pistas como o parque se atopan nun perigoso estado polo seu abandono.

O PSOE, o partido que máis iniciativas presentou no Pleno dende o 2007

MOCIÓNS PRESENTADAS NO PLENO 2007-2009



O PSOE PIDE O ALCALDE QUE APOIE A OBRA

O PSOE esixe a Nelson Santos apoio para o aparcamento da Igrexa de Pontellas



ALONSO: “Os veciños e veciñas de Pontellas non teñen por que sufrir a marxinação de Ciudadanos por Porriño e de Nelson Santos. O aparcamento era realmente necesario e urxente para a parroquia de Pontellas”

PP, IdeP e Ciudadanos por Porriño, impediron co seu voto a compra do terreo para a construción do aparcamento da Igrexa de Pontellas, a pesar do voto a favor do PSOE.

o gasto da compra da parcela. Alonso insistiu en que o esforzo que está a facer a Comunidade de Montes de Pontellas, que aportou os fondos para o aparcamento da Igrexa, non debería ser castigado por posicións que non atenden a criterios reais.

A secretaria de Innovación socialista e veciña de Pontellas, Elena Alonso, criticou ós grupos da dereita por non apoiar esta demanda social de Pontellas.

Obras en San Pelaio

Elena Alonso aproveitou para solicitar o novo goberno as urxentes obras que necesitan os veciños de San Pelaio no muro de peche e no seu local, e anunciou unha iniciativa do PSOE no vindeiro pleno ordinario.⁴

Alonso pediu que o novo goberno non marxine Pontellas, e apoie cando menos, económicamente na realización das obras, a Comunidade de Montes de Pontellas, que asumiu todo



O PSOE ABRE A OFICINA DE ATENCIÓN O CIDADAN

O PSdeG-PSOE do Porriño abriu os veciños a súa sede dende o vindeiro día 18 de Xaneiro de luns a xoves en horario de 20:00 horas a 21:30 da noite para asesorar e informar os veciños do Porriño que o desexen.


Xeral, obras, realizar queixas ou propostas serán posibles nesta oficina.

Recibir información sobre taxas e impostos, coñecer o Plan

Con esta medida, os socialistas dan un paso máis para achegarse as necesidades dos veciños e veciñas do Porriño, ante a pasividade do goberno local para resolver os seus problemas

UN INFORME MUNICIPAL RECOMENDABA A ALTERNATIVA 1 DA PROPOSTA DE FOMENTO NO ANO 2007

O PSOE pide a Nelson Santos que non retrase a eliminación do paso a nivel



O desgraciado falecemento dun porriñés no paso a nivel do Porriño o pasado 1 de decembro, nos ratifica nas nosas reivindicacións de eliminar canto antes o paso a nivel do noso casco urbán.

Tras moitos anos de traballo, os socialistas propuxemos no ano 2007 unha alternativa á eliminación do paso a nivel, que recolleu o estudo informativo do tren de alta velocidade Vigo-Oporto aprobada polo Ministerio de Fomento, **duramente atacada por Nelson Santos, pero que contaba cun informe dos técnicos do Concello que apoiaba a proposta de Fomento (alternativa 1)**

Pasou o tempo, e **dende o 2007, ninguén fixo unha soa proposta, nin se dixeron a Fomento.**

¿Cal e apostura de Nelson Santos neste tema? Inda non se reuniu con ninguén.

O accidente do pasado mes de decembro, reavivou a polémica, e agora, tanto PP, como os partidos independentes, tratan de escurrir o bulto parapestandose no seu rechazo a proposta de Fomento pero sen atreverse a formular propostas serias. Esta ben asisitir as manifestacións dunha Plataforma que traballa en positivo, pero un

Alcalde debe facer moito mais, e a día de hoxe, ninguén coñece a proposta de Nelson Santos para solucionar o paso a nivel, nin reuniu os grupos nin se reuniu con ningunha administración.

Sorprende a postura de Manuel Carrera, que pide agora un soterramento, esquecendo que no 2002, co alcalde J. Manuel Barros, o PP apoiou a moción do PSOE que propoñía que a eliminación do Paso a Nivel fose a través dun trazado elevado pegado á autovía, na súa zona de afectación, onde non molesta a ninguén.

Dende o PSOE, ofrecemos consenso para poder desbloquear unha proposta que a falta de entendemento pode levar a paralizar ata o 2017 como moi pronto. Todos os grupos temos nas nosas mans solucionar este grave problema. **Pero dende a seriedade e non dende a demagogia oportunista.**

Agrupación Local do PSdeG-PSOE do Porriño

Rúa Antonio Palacios 51
 Teléfono: 986-335452

Correo electrónico:
 psdeg.psoe.oporriño@gmail.com

Visita a nosa web:
www.porriño.psdeg-psoe.org

Estamos tamén en Facebook, Flickr e Twitter. Séguenos na Rede!

facebook

twitter

flickr®